



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 21 de xullo 2023, sobre nomeamento de persoal eventual, que textualmente di o seguinte:

“Visto que no Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 2023, aprobase o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 do R.D. 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

Á vista dos informes e da proposta que constan no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Nomear con carácter de persoal eventual, coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 21 de xullo de 2023, a:

- Don Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez como Asesor Nivel III, adscrito á Vicepresidencia.

2º.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten as súas funcións de confianza ou asesoramento.

3º - O presente nomeamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do estipulado no artigo 104.3 da LRBRL”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, dezaioito de agosto de dous mil vinte e tres.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR**, Alejandro Maseda Mallo.

R. 2684

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/HA XEFE/A DA BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E CREAR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

Polo Concello de Alfoz aprobáronse as bases de selección para a contratación temporal dun/ha xefe/a da Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, en virtude do Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Alfoz para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Xefe/a de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais - Campaña 2023”:

- Nº empregos: 1
- Denominación: Xefe/a de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Réxime Xurídico: Persoal laboral temporal
- Duración vínculo de servizo: Dende a data de formalización do contrato ata o 30 de outubro de 2023.
- Duración xornada: Xornada completa.
- Listaxe de emprego temporal para a praza de “Xefe/a de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2023”.

Modalidade da listaxe: Específica

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: No Rexistro Xeral do Concello de Alfoz ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do Concello de Alfoz.

Alfoz, 18 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 2685

MONTERROSO

Anuncio

Información Pública

O Pleno realizado en sesión extraordinaria o pasado 14 de xullo de 2023 adoptou entre outros o seguinte acordo:

De conformidade con canto se establece polo artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo 225 da Lei de administración local de Galicia e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os membros das Corporacións locais poden recibir con cargo ó orzamento municipal as indemnizacións que nesas normas se establecen.

En consecuencia, o Pleno da corporación ACORDA:

PRIMEIRO.- Establecer as seguintes indemnizacións:

1º.- **ASISTENCIAS:** Os señores concelleiros que non teñan dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, as indemnizacións por sesión seguintes:

- Pleno: 60 €.

- Xunta de Goberno Local: 60 €.

- Comisión Especial de Contas: 60 €.

Cando as sesións se celebren unha a continuación de outra, devengarase asistencias tan so por unha delas.

2º.- **GASTOS DE LOCOMOCIÓN:** Os señores concelleiros recibirán nos supostos de viaxes oficiais, tanto dentro do termo municipal coma fora do mesmo, a cantidade de 0,19 euros (dezanove céntimos) por quilómetro percorrido.

3º.- **AXUDAS DE CUSTO:** Os señores concelleiros e o Alcalde- Presidente recibirán axudas de custo nas seguintes contías.

A.- Por servizos fóra do municipio: Devengarase as establecidas con carácter xeral na lexislación sobre indemnizacións por razón do servizo.

B.- Por servizos no termo municipal: Dentro do termo municipal non se devengarán gastos de locomoción por viaxes oficiais, podendo utilizarse os coches oficiais do Concello. Non se devengarán axudas de custo.

SEGUNDO.- A xustificación das indemnizacións farase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a.- Gastos de locomoción: Declaración responsable do membro da corporación na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar, motivo do desprazamento e vehículo empregado.

Cando non se empregue vehículo propio abonarase a correspondente factura de Auto-Taxi, ou do medio de transporte empregado

b.- Manutención: Declaración responsable do membro da corporación na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar e servizo ou actividade desenvolvida.

Somentes se terá dereito a comida cando o servizo prestado ou a actividade desenvolvida teña unha duración mínima de cinco horas, con comezo antes das catorce horas e remate despois das dezaseis horas.

c.- Aloxamento e asimilados (parquing, e desprazamentos sen vehículo propio): Á declaración responsable antes reseñada para devengar dieta por aloxamento, deberá de unirse a correspondente factura do establecemento e, no seu caso, do medio de transporte empregado.

TERCEIRO.- As subvencións ós Grupos Políticos Municipais, devengarase na contía seguinte:

Por cada Grupo: 80 euros

Por cada Concelleiro: 80 euros

De conformidade co anterior os Grupos Políticos Municipais recibirán con cargo ó orzamento municipal as seguintes subvencións en cómputo mensual:

Grupo Municipal Popular: 320 euros por mes

Grupo Municipal Socialista: 320 euros por mes

Grupo Municipal Independentes por Monterroso: 240 euros por mes

Grupo Municipal Partido Galego de Monterroso: 240 euros por mes

Grupo Municipal BNG: 160 euros por mes

Os Grupos, de conformidade con canto se establece polo artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, deberán levar unha contabilidade específica destas aportacións, téndoa á disposición do Pleno cando sexa requirida.

Monterroso, 17 de agosto de 2023.- O Alcalde-presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 2678

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de créditos, expediente 353/2023 do orzamento do Concello da Pobra do Brollón para o ano 2023 ó non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP Nº 169 do 24/07/2023), en aplicación do disposto nos artigos 169, 170, 171 e 179 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos e ingresos queda da seguinte forma:

Orzamento de gastos		Orzamento de ingresos	
Capítulo		Capítulo	
1	1.660.548,82 €	1	671.000,00 €
2	904.028,57 €	2	30.000,00 €
3	26.200,00 €	3	419.000,00 €
4	55.950,00 €	4	1.199.353,34 €
5	0,00 €	5	2.000,00 €
6	912.364,01 €	6	0,00 €
7	205.000,00 €	7	448.668,54 €
8	4.200,00 €	8	1.088.269,52 €
9	90.000,00 €	9	0,00 €
TOTAL	3.858.291,40 €	TOTAL	3.858.291,40 €

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito, expediente 353/2023 do orzamento para o ano 2023, os/as interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Brollón, 17 de agosto de 2023.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 2679

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2023.

SEGUNDO.- A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

TERCEIRO.- Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

CUARTO.- A falta do pago no período voluntario indicado suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

QUINTO.- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 7 de xullo 2023.- O alcalde-presidente, José Luis Rivera Castro.

R. 2680

RIBADEO

Anuncio

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 41 /2023 SUPLEMENTO DE CREDITO 04/2023

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 11/05/2023, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 41/2023 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para gastos, pola cantidade de **385.233,59** euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	5.214.743,05	0,00	5.214.743,05
2	Gastos B. Correntes e Servizos	4.816.815,68	90.000,00	4.906.815,68

3	Gastos Financeiros	39.500,00	0,00	39.500,00
4	Transferencias Correntes	412.145,97	0,00	412.145,97
5	Fondo de continxencia	20.000,00	0,00	20.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	4.967.816,16	295.233,59	5.263.049,75
7	Transferencias de Capital	401.324,71	0,00	401.324,71
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	549.206,38	0,00	549.206,38
Total		16.448.597,49	385.233,59	16.833.831,08
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.834.000,00	0,00	2.834.000,00
2	Impostos Indirectos	470.000,00	0,00	470.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.739.774,06	0,00	2.739.774,06
4	Transferencias Correntes	4.245.548,68	0,00	4.245.548,68
5	Ingresos Patrimoniais	12.809,02	0,00	12.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	101.000,00	0,00	101.000,00
7	Transferencias de Capital	2.176.756,86	0,00	2.176.756,86
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	2.309.581,80	385.233,59	2.694.815,39
9	Pasivos Financeiros	1.559.127,07	0,00	1.559.127,07
Total		16.448.597,49	385.233,59	16.833.831,08

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 17 de agosto de 2023.- ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ.

R. 2681

XERMADE*Anuncio***Aprobación de bolsa de emprego para nomeamentos interinos para a cobertura de vacantes na praza de técnico/a de traballo social do Concello de Xermade**

Por Decreto da Alcaldía núm. 2023-0353 de data 1 de agosto de 2023 resolveuse:

“PRIMEIRO.- Aprobar a bolsa de emprego para nomeamentos interinos para a cobertura de vacantes na praza de técnico/a de traballo social, integrada polas seguintes aspirantes que superaron o proceso selectivo:

Orde	DNI	Fase de oposición	Proba de galego	Fase de concurso	Puntuación total
1	76***838Y	61	Exenta	20,90	81,90
2	32***665Y	63,5	Exenta	15,60	79,10
3	79***252Y	56,5	Exenta	11,80	68,30
4	32***972L	62,5	Exenta	4,40	66,90
5	33***718J	52	Exento	14,60	66,60
6	76***747A	57	Exenta	4,10	61,10
7	33***575R	47	Exenta	10,70	57,70
8	49***981W	46	Exenta	2,00	48,00

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución no BOP, no taboleiro de edictos e na sede electrónica para os efectos oportunos.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 16 de agosto de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2682